

THE WATERMELON WOMAN

1776

Cheryl Dunye, 1996

ESTREA EN NUMAX: 27.06.2026 | V.O.S.E. | 96 min

Obra pioneira do cinema queer que busca reconstruír a historia esquecida dunha actriz negra dos anos 30 coñecida como "a muller sandía". Entre o documental, a ficción e a autobiografía, o filme cuestiona quen escribe a historia do cinema e quen queda fóra dela.

Sesión organizada en colaboración con Avante LGBT+ Compostela e presentación a cargo de Lois E. Froiz.

«Divertida e intelixente, chea de humor mordaz e astutas observacións sobre a identidade e a historia»

Serena Donadoni, VILLAGE VOICE



THE WATERMELON WOMAN

Cheryl Dunye, 1996

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

A imaxe xusta

A historia das mulleres negras no cinema está ligada á figura da “mammy”, unha caricatura racista dissociada da realidade e das complexas relacións raciais estadounidenses. Representada tradicionalmente como unha muller negra que leva un chal e un pano na cabeza, as familias brancas teñen “mammys” que coidan dos seus fillos, cociña e serven. A imaxe perdurou en moitas películas posteriores ao remate do escravismo, reducindo as actrices negras a estas personaxes. Que sucedería se unha moza negra e lesbiana examinase cinematograficamente esta problemática nos anos noventa, ancorada na noción da interseccionalidade? O resultado é *The Watermelon Woman*, falso documental con notas de comedia romántica que narra a historia de Cheryl, unha vintañeira lesbiana e negra de Filadelfia, ao tentar dar os seus primeiros pasos como realizadora.

Cheryl propónse recompoñer cun documental a historia de Fae Richards, unha fermosa actriz negra dos anos trinta coñecida como “a muller sandía” (“the watermelon woman” da que apenas se sabe nada. Á vez que a protagonista vai descubrindo como foi a vida de Fae, tanto na intimidade como no cinema, coñece unha atractiva muller branca coa que empeza a saír. Cheryl fabrica un arquivo que aínda non existe e inscríbese a si mesma nunha historia que segue sendo certa aínda que todas as institucións oficiais a teñan omitido no seu rexistro cheo de prexuízos raciais e heteronormativos.

Cheryl Dunye, homónima do personaxe, dirixe e protagoniza esta alfaia do “New Queer Cinema” e o seu punto de vista consegue sortear os límites dun orzamento limitado cunha combinación intelixente de falso documental, investigación cultural, crítica cinematográfica e romance queer.

Publicado en laimagenjusta.com